

PRESENTOUSE ONTE EN COMPOSTELA

A Peneira estrea o suplemento cultural Kalaikia

O xornal quincenal [A Peneira](#) presentou este mércores na Fundación Granell de Santiago o seu novo suplemento cultural Kalaikia, un caderno central no que recolle a actualidade cultural do país nos campos máis diversos, coa intención de explorar as vangardas e dar a coñecer os novos creadores galegos. Coordinado por Diego Giráldez un equipo de colaboradores cheo de sinaturas novas, no primeiro número podemos atopar variadas reflexións sobre o novo espazo arquitectónico da Fundación Caixa Galicia, o estado da banda deseñada e do audiovisual, a alternativa á música tradicional que supoñen espazos como a Sala Capitol de Santiago ou píldoras de actualidade cultural e axenda, xunto a unha novela por entregas do escritor Alberte Momán, titulada Efecto Iguana. A Peneira leva 22 anos facendo información en galego dende Ponteareas, onde empezou sendo un xornal de comarcas para logo pasar a ser un xornal de ámbito nacional.

- 08:25 21/09/2006